

A LOBA

[*The Little Foxes*, William Wyler
1941, EE UU, 116 min., VOSE]

Lingua **Inglés**

Dirección **William Wyler**

Guión **Lillian Hellman, sobre a súa propia obra teatral**

Diálogos e escenas adicionais **Arthur Kober, Dorothy Parker, Alam Campbell**

Montaxe **Daniel Mandell**

Fotografía **Gregg Toland**

Son **Rainer Gerlach**

Música **Meredith Willson**

Elenco **Bette Davis, Teresa Wright, Herbert Marshall, Patricia Collinge, Carl Benton**

Reid, Dan Duryea, Charles Dingle, Jessie Grayson, John Marriott

Produtora **Samuel Goldwyn Company, Metro-Goldwyn-Mayer (MGM)**

Distribución **Classic Films**

Finais do século XIX, sur dos EE UU. Os irmáns Hubbard (Oscar, Ben e Regina) planean enriquecerse cunha fábrica de algodón explotando man de obra barata. Cando o marido de Regina, Horace Giddens, un home honrado e doente, se nega a participar no seu financiamento, comezan as maquinacións familiares para conseguir o seu obxectivo. No medio da asfixiante atmosfera creada pola ambición desmedida dos tres irmáns, Herbert só atopará consolo no amor da súa filla.

NOVEMBRO

Luns 11 **OS ANOS DE SUPER 8**

(Annie Ernaux e David Ernaux-Briot, 2022, Francia, 61 min., VOSE)

Martes 12 **A HERDEIRA**

(William Wyler, 1949, EE UU, 115 min., VOSE)

Luns 25 **A FOREIGN SONG**

(César Souto, 2022, Galiza, 82 min., VOSG)

Martes 26 **A CALUMNIA**

(William Wyler, 1961, EE UU, 107 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



A LOBA

WILLIAM WYLER

CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #221

5.11.2024

A LOBA WILLIAM WYLER

The Little Foxes ('As pequenas raposas') fora un dos grandes éxitos de Broadway en 1939. Interpretárona Tallulah Bankhead, Herbert Marshall e Florence Williams. A súa autora, Lillian Hellman, estaba baixo contrato con Samuel Goldwyn. Non quedan moi claros os motivos polos que este mercara os dereitos, xa que os seus asesores de confianza desaconsellárala cualificándoa de «moi cáustica». É moi posible que os mercase por considerala ideal para o seu filme de prestixio do ano, un tipo de filmes que facían todos os estudos, cos que nin gañaban nin perdían cartos, mais que lles proporcionaban renome á marxe do comercial. Wyler entusiásmouse co proxecto, gustáballe a obra —considerábaa unha obra mestra— e tamén lle gustaba o primeiro borrador do guión que escribira a súa amiga Lillian Hellman.

O título *The Little Foxes* suxerírallo Dorothy Parker, partindo da Canción de Salomón: «Lévanos as raposas, as pequenas raposas que nos estragan as viñas, porque as nosas viñas teñen uvas tenras». Estas verbas aparecen literalmente nos títulos de crédito do filme seguidas dunha introdución *ad hoc*: «As pequenas raposas viviron en todas as épocas. Sucedeu que esta familia viviu no Profundo Sur no ano 1900». Ademais de inexacto, o título co que se estreou en castelán, *La loba*, é reducionista e limítase a unha única personaxe, mentres que o orixinal, *The Little Foxes*, amplía os seus horizontes aos demais membros da familia.

Goldwyn e Wyler pensaron axiña en Bette Davis para a personaxe de Regina. Mais Davis estaba contratada por Warner Brothers e eran notorias as reticencias do estudio a prestar a súa estrela número un. Goldwyn enterouse de que o seu cuñado Jesse Lasky estaba preparando *Sergeant York* para a Warner e de que querían a Gary Cooper, daquela contratado por Goldwyn, para o personaxe. Lasky e Goldwyn non se falaban, mais Warner ameazara a Lasky con despedilo se non conseguía a Cooper, polo que o produtor tivo que comer o seu orgullo, contactar con Goldwyn e transmitirle a Warner a súa oferta «Cooper por Davis».

Coma nos seus filmes anteriores, tamén nesta ocasión Wyler e Davis tiveron puntos de vista diferentes sobre como debería ser a personaxe da actriz. Davis concibíaa como unha harpía sinistra, insensible e avariciosa. Mais Wyler pensaba que se trataba dunha personaxe moito máis complexa. Quería que nalgúns momentos se mostrase encantadora, divertida e mundana para gañar o afecto do público. Davis consideraba que debía facelo do mesmo xeito que Tallulah Bankhead no teatro: unha muller malvada, fría e cerebral. Wyler aconselloulle que fose ver a obra de novo, para que así soubese como non tiña que facelo. O remedio foi peor cá enfermidade. Davis volveu aínda máis convencida de que ela estaba no certo e Wyler equivocado. O resultado pódese resumir nunha frase da crítica James

Agee: «A actriz non só actúa como Tallulah, senón que mesmo se parece a ela». Isto é algo do que Davis se vangloriou nas súas memorias: «Precisei moito valor para interpretar a personaxe como fixen, en contra da opinión de Wyler». Estas diferenzas de criterio sobre a composición da personaxe estendéronse mesmo ao terreo da maquillaxe, normalmente unha potestade das estrelas. O rostro de Davis semella nos momentos finais unha auténtica máscara xaponesa. Branqueou tanto a cara para parecer unha madura matrona do sur que mesmo Gregg Toland tivo dificultades para compensar a iluminación do seu rostro coa dos outros actores. Wyler enfureceu.

Logo de cinco filmes traballando xuntos xa se pode falar de Wyler e Gregg Toland como un equipo con personalidade propia. Á parte da gran compenetración entre os dous homes, hai que salientar os seus esforzos para melloraren a profundidade de campo. Nalgúns dos seus filmes ata entón, hai momentos en que pode apreciarse este tratamento case tridimensional das imaxes que permite a composición de planos en que case calquera obxecto, decorado ou personaxe pode ter a súa importancia sen romper o ritmo narrativo, parcial ou totalmente, desde o que se mostra en primeiro termo ata o que existe na súa parte máis recóndita. O desenvolvemento desta técnica permite mostrar nun mesmo plano, sen corte nin movemento de cámara ningún, a acción e a reacción dos actores. Substitúese a montaxe tradicional por unha montaxe interna no mesmo plano, conseguindo maior fluidez narrativa e maior intensidade dramática.

Bazin definiuno como «democracia wyleriana», remarcando que é «un acto de lealdade cara ao espectador, subordinado ás necesidades dramáticas da *mise-en-scène* en particular e á claridade do argumento». Resulta moi significativa a defensa de Bazin neste terreo: «A profundidade de campo mantén a continuidade do espazo e tempo dramáticos, leva o espectador a un contacto máis próximo da escena, moi semellante ao que experimenta na realidade. Require do espectador unha participación mental máis activa. Permítelle especulacións, xa que a súa atención non está guiada pola montaxe».

O gran acerto do filme é a perfecta adecuación do estilo ao tema e ás intencións da historia. André Bazin escribiu en *Que é o cinema?* que «o resultado desta mestría excepcional, ou mesmo mellor, a expresión da súa inventiva é que se converte precisamente no exactamente oposto aos habituais rexistros cinematográficos pasivos do teatro. Hai miles de veces máis cine, e de mellor calidade, nun plano fixo de *A loba* que en todas as espectaculares escenas de exteriores que argallan moitos directores para romper a unidade de espazo teatral».